

Son Maite. Teño corenta e tres anos e sinto que veño de vivir unha vida dentro doutra vida, que veño de axustar contas co pasado e soltar o lastre que me impedía avanzar, que me mantiña soterrada nunha cova escura onde non chegaba un so raio de luz. Son Maite. Son unha muller adulta, íntegra, plena, unha muller capaz de mirarse no espello e atopar unha imaxe serena de si mesma, unha muller capaz de atravesar o cristal aleivoso e ver no fondo dos seus propios ollos, capaz de asumir os seus erros e aprender deles. Con desconfianza, si, con medo ás veces, pero con coraxe, con ganas de agarrar con forza as rendas da miña vida con estas mesmas mans que en tantas lamentables ocasións enxugaron as bágoas do meu rostro e agacharon os ollos para que non se me saíse a alma por eles. Son Maite, capaz de afastar as pantasma do pasado e sorrir. Non cun sorriso de felicidade, certamente, pero si cun sorriso de esperanza que se me aniña na boca e conxuga tódolos verbos en futuros, en lenzos brancos, en obra inacabada.

Séntame ben este carmín, os tons fortes sempre me favoreceron, ou iso penso eu. Certo que agora na miña face van aparecendo unha morea de sucos cada vez máis visibles que xa non é posible disimular, pero tampouco o pretendo, a vida doume leccións de abondo e aprendín cales son as cousas realmente importantes, o que paga a pena de verdade, o que me fai mellor persoa ou me dá un pouco de dignidade, e non son precisamente as engurras as que poden neste intre da miña vida influír no meu ánimo. Sei que o tempo non permite demora, ao fin, máis tarde ou máis cedo, estamos abocados á plena rendición aínda que ás veces sintamos a pueril ilusión de facerlle fronte.

Facía moito tempo que non me arranxaba así, que non me sentía así, con esta ledicia e esta inqueda case adolescente, perigosamente adolescente. Despois de todo o que pasei, de todo o que sufrín, do valo de desconfianza – e ata de odio- que construí ao meu redor, non podía imaxinar que volvería deixar que xurdiran en min estes sentimentos que me deixan outra vez desprotexida fronte a un futuro incerto, fronte a un mañá imprevisible sobre o que non teño o máis mínimo control.

Os sentimentos son o que nos fai realmente vulnerables, tanto os bos coma os malos, e canto máis intensos sexan máis indefensos nos atoparemos. Experimentei moitas veces as consecuencias desta relación e creo nela coma se dunha lei física se

tratase, por iso tratei de controlar as miñas emocións, os meus sentimentos, con outros antagónicos que, máis ca seren unha reacción de ataque como podía semellar ás veces, non deixaba de ser unha simple, e necesaria para min, reacción de defensa.

Sei que o pasado endexamais se recupera, endexamais; pero sei tamén que hai cousas que non morren, que perduran, que se adhíren á pel e á conciencia e pasan a ser parte de nós, da nosa esencia. Sei que somos a suma de todo aquilo que vivimos, do bo e do malo, do doce e do amargo, e a vida vainos dobregando na súa forxa sen nós saber, sen que nos decatemos, porque o destino reparte a súa baralla de xeito caprichoso e nunca sabemos as cartas que nos van tocar xogar. Hoxe estou aquí, fronte ao espello, coa barra de carmín na man, mirando de fite en fite a miña imaxe, tentando recoñecer nos ollos que me miran máis alá do cristal a persoa que fun, sorrindo para min dende fóra de min. Sorrindo. Como fai vinte anos. E João está sentado na cociña: coas mans entrecruzadas, cos cúbados apoiados nos xeonllos e, o corpo inclinado cara diante, falando coa madriña, agardando por min. Como fai vinte anos!

João! Tiñamos quince ou dezaseis anos cando nos coñecemos. Os dous faciamos o bacharelato no instituto Arcebispo Xelmirez, en Santiago. Si, onde hoxe se atopa edificio da Xunta. Daquela, en todo o sur-leste de A Coruña non había practicamente máis ca este instituto e o Rosalía – tamén en Santiago- onde facer o bacharelato. Lémbrome de compañeiros e compañeiras que viñan de Boimorto, de Fisterra, de Mazaricos, de Melide... E xa non digamos os da redonda, coma min. Eu viña de Merelle, unha aldea de Ordes onde vivira na casa da madriña (a aboa materna) cos meus pais, o meu irmán Xurxo, un ano máis novo ca min, e a miña irmá Luisa, tres anos menos. Fixera a EXB no colexio Campomaior, en Ordes, pero cando comecei o bacharelato meus pais mercaron un piso en Santiago, preto do instituto, e trasladámonos para alí todos agás a madriña. Con todo, tódolos fins de semana e nas vacacións iamos para a aldea e moitas veces, aos martes ou aos xoves, a madriña, que viña vender á praza, viña xantar con nós.

A madriña é viúva dende fai moitos anos, enviuvou moi nova. O avó, segundo ten contado, morreu na guerra civil e seica está enterrado no Val dos Caídos, ou iso é o que lle contaron, que nin sequera os restos lle devolveron. Ela sempre se laiou de non ter onde lle ir rezar, onde lle poñer dúas rosas por Defuntos. Di que o que non pode

enterrar os seus mortos sempre leva unha sepultura no peito. A madriña e máis o avó coñecíanse dende nenos, el era do lugar de Villaverde , unha aldea veciña de Merelle, e casaron cando ela tiña vinte anos, pero sempre di que foi viúva dende que casou. Aínda ben non casaron, o avó marchou facer o servizo militar, tres anos en África, e aínda ben non volveu fórono buscar e xa nunca máis regresou. Miña nai, a única filla, non chegou a coñecelo, naceu cando o avó xa estaba loitando non se sabe nin en que bando. Só sabemos del polo retrato do casamento, xa roído e moi descolorido, que colga nunha parede do sobrado da casa da madriña e sobre todo polo que ela nos ten contado.

A madriña foi unha muller de carácter toda a súa vida, forte e decidida, e non me refiro á fortaleza física – que tamén a tivo malia o seu aspecto delicado- se non a esa fortaleza vital, anímica, esa fortaleza de espírito que tirou de todos nós aínda nos momentos máis difíciles. Dicía que xa estaba moi “*cosida*” . Sempre falou, e fala, á “s” e lembro que eu de pequena sempre lle preguntaba: “ *Pero...cosida de coser ou de cocer?*” E ela respondíame toda airada: “ *Cosida, cosida polas cousas da vida*”. A madriña foi en todo momento o bastión que permaneceu ergueito, inalterable, en tódalas tempestades, o faro permanentemente aceso que guiou os nos pasos tantas veces equivocados, as nosas naves tantas veces á deriva. Ela sempre foio niño, o fogar, a illa cobizada no medio do océano. Nos seus ollos, cando nos di que “*todo ten remedio menos a morte*”, tódolos males minguan como as enchentes do verán e retíranse ata con mansedume. Nunca nada nin ninguén me deu tanta paz coma os ollos da madriña: limpos, azuis coma un ceo de agosto, coa dozura fresca dos chuchameles. Nada me reconforta tanto como cando me repite dende os seus ollos azuis, sen mácula, sen a máis mínima sombra de dúbida, que “*todo ten remedio menos a morte*”.

A madriña foi e segue sendo, sen dúbida, a testemuña fiel da miña vida. Estivo presente en todo o traxecto percorrido, dende que nacín ata hoxe: na felicidade e na desventura, nas risas e nas bágoas, nos éxitos e nos fracasos -máis aínda nos fracasos-, mesmo na distancia nunca deixei de sentir a súa presenza ao meu carón. Hai un vencello moi especial entre a madriña e máis eu, un vencello que transcende do físico, do terreal , unha auténtica comunión que non precisa palabras. Ela sempre intuía cal era o mellor camiño para nós, os seus consellos sempre foron moi meditados aínda que ás veces, e no que a min respecta, non estabamos dispostos a escoitar ou non nos conviña nese

momento. Como diría Woody Allen :“*Un consello vale moitos cartos, pero todos preferimos os cartos*” , -ou outras prebendas.

Cando me fun con catorce anos para Santiago paseino mal, non só por enfrontarme a un mundo novo para min senón tamén e, sobre todo, polo moito que estrañaba á madriña. Estaba moi ilusionada, é certo, pola nova etapa que comezaba, pero cando me erguía cada mañá lembraba a cunca de leite que a madriña viña de muxir fumeando enriba da mesa para almorzar antes de ir para a escola e os zapatóns quentándose na lareira á beira do lume xa aceso para que “levamos os pés quentes”.

Aínda que pareza mentira, entón, a maioría dos rapaces e rapazas que remataban a EXB non proseguía os estudos, -a vida e a sociedade cambiaron moito de fai vinte, ou trinta, anos para aquí. Ao rematar a escola ían traballar ás cidades ou emigraban, sobre todo para Suíza. A metade da xente da nosa aldea estaba en Suíza. Das miñas amigas, as máis delas foron traballar á Coruña, só eu seguín estudando. Non tiña outra ilusión: eu quería estudar. Cando as miñas compañeiras falaban de festas e de rapaces eu só soñaba cun cuarto cheo de libros, pensaba en ir algún día á Universidade, en ser mestra como a miña avoa paterna. Non precisaba máis. Tampouco se me amosou outra alternativa nada máis ca de estudar. Ao meu pai sempre lle quedou pena de non ter estudado cando o tío Lino, o irmán da avoa, que era crego, o quixo meter no seminario. El non quería saber nada de ser crego así que negouse a ir. Deuse conta da oportunidade que perdera cando se decatou de que non todos os que ían ao seminario acababan sendo cegos. A súa ilusión era que nós estudáramos e sempre me dicía: “*Hai que aspirar a algo María, hai que aspirar a algo*”. Pero eu nunca souben certamente a qué tiña que aspirar ata fai pouco, cando as circunstancias e a vida me deron as leccións suficientes para comprender aquelas palabras do meu pai.

Para meus pais sempre fun, e sigo sendo, María; para a madriña, Tareixa e ás veces aínda Tareixiña. O de Maite, que quedaba como máis moderno, veu despois, no instituto. O certo é que, a pesares de vivir tan preto, case que nunca me achegaba á cidade e cando o facía era sempre aos mesmos sitios: á praza sobre todo, coa madriña, e a algunhas tendas de roupa – preto da praza- nas que miña nai adoitaba mercar. Cando nos instalamos en Santiago eu quería quitarme de enriba canto antes aquel aire de aldeá que tiña e suminme de contado nun período de osmose, de metamorfose. Absorbín con

avidez tódalas modas, modismos e contra-modas que observaba, e que me permitía a nosa modesta economía, en todos os ámbitos: no vestir, na linguaxe, nos acenos... E pasei a ser Maite!. Eu quería sobre todo ser unha máis, pasar inadvertida, fusionarme co ambiente nun total mimetismo. Custoume. Non coñecía a ninguén e aquel instituto era tan grande... Demasiado grande para min. Eu, daquela, era un auténtico *cocón*. Sempre me custou – e sígueme custando- entaboar conversa con descoñecidos, e ser o centro de atención acaba comigo, aínda agora, para canto máis con catorce anos. Con todo, no instituto fixen as miñas mellores amizades, que aínda conservo, e coñecín a João... Non sei se pode dicir que foi a mellor etapa da miña vida, pero cando me lembro de todo canto vivín nese tempo anéganseme os ollos e o corazón de nostalgia. Daquela todo cabía aínda dentro dos meus soños, todo era posible, todo estaba aínda por escribir e por vivir, e a vida parecía tan longa...

Todas as etapas da vida, todos os momentos, son importantes pero quizais esa etapa da adolescencia é especialmente relevante. É un tópico recorrente, desgastado e insidioso pero non por iso deixa de ser menos certo. Hai tantos camiños abertos, tantas decisións que tomar, tanta inexperiencia, tanta arrogancia tamén... E falta madurez, faltan táboas, falta perspectiva. Só o feito de poder mirar cara atrás che dá esa visión de conxunto tan necesaria para comprender e para actuar en consecuencia e aínda así e todo ás veces equivocámonos; pero equivocarse non é pecado –para aqueles que consideren esa opción-, errar é san, é construtivo sempre que sexamos capaces de extraer unha lección positiva aínda que non sempre é doado ver o lado bo nos momentos difíciles, por máis que un se aferre ao dito de que “*o que non te mata faite máis forte*”. Quédanos, para eses intres, a certeza de que cando un chega ao fondo do abismo só lle queda a opción de mirar cara arriba, pero tampouco é doado recoñecer se segues caendo ou chegaches xa ao punto máis baixo. Hai veces que non somos conscientes da realidade, non somos capaces de saír de nós mesmos e mirar ao mundo con obxectividade nin somos capaces sequera de valorar xuciosamente as opinións dos demais. Nós sós contra o mundo! Ninguén, ninguén nos entende! Que narcisistas e cheos de vaidade estamos aínda neses momentos de obcecación nos que o corazón nos pode máis ca razón. Cantas veces os ollos non queren ver e cando ven pensamos aínda que nos enganan os sentidos. Pero non finximos, non actuamos, somos parte da tremoia e a tremoia forma parte de nós. Eu vivín esa etapa de caos, de confusión tal que non

sabía distinguir canto había en min de luz e escuridade tan sequera. Non me recoñecía a min mesma dentro dun corpo que xa non sabía se me pertencía, privada como estaba da consciencia no meu estado de hinopse, paralizada, sometida por un poder estraño que non me permitía razoar, nin sequera defenderme, ata que un día pareceume espertar dun sono profundo – dun pesadelo- e fun consciente da realidade, da verdadeira realidade.

A historia dos meus amores e desamores – ou máis ben do meu amor e desamor- comezou cando coñecín a João. Tería dezaseis anos e facía 3ª de bacharelato no Instituto Xelmírez. Eu xa sabía del antes de coñecelo: os seus debuxos e as súas pinturas colgaban dos taboleiros da aula de debuxo do instituto e a profesora sempre o nomeaba. A min encantábame a materia e, a pesares de que a profesora era moi esixente e de que a área non era precisamente *unha maría* como pensabamos nun principio que sería, a min dábase moi ben e sacaba moi boas notas. Eu sentía unha gran curiosidade por saber quén era, pero tendo en conta que en segundo había seis clases cunha media de corenta alumnos/as por aula era case que imposible. Pero o azar ou a sorte ou a desgraza, non sei moi ben o qué, fixo que ao ano seguinte, en terceiro, a pesar de que non estabamos no mesmo grupo coincidiram na clase de Bioloxía. Xa pasaran un par de meses de curso e a profesora fixo algo que non adoitaba facer: pasou lista. E alí estaba: Nenzo Freiría, João. Deume unha volta o corazón cando oín o seu nome, pero non souben quen levantara a man, eramos tantos... Pregunteille á miña compañeira Elvira –Viri para os amigos- e ela si o sabía, era máis, coñecía porque coincidiran na mesma clase en primeiro e segundo. De feito xa os vira falando algunha vez pero nin sequera me fixara nel.

Viri estaba na miña clase. Era o primeiro ano que estabamos xuntas, fixémonos amigas e nunca máis deixamos de selo. Ela foi outro dos piares ao que me agarrei nos momentos difíciles, con ela compartín dende entón tódolos meus avatares. Foi outra das testemuñas da miña vida, riu e sufriu comigo, chorou comigo e por min –cántas veces-, turrrou por min e quitoume a venda dos ollos cando me afundía sen remedio no infortunio.

Ese día que souben ao fin quen era João, -antes de que Viri mo presentara-, experimentei unha sensación descoñecida ata entón. Co tempo había de ser amor.

E qué dicir de João... Hoxe non podería asegurar, no seu conxunto, que fose guapo. Era alto e delgado e desgairado, ata parecía que andaba un pouco encurvado. Non chegaba a ser louro e levaba o pelo un pouco longo para o uso. Estouno a ver cun xerse de lá marrón e unha longa bufanda de listas chea de cores que lle chegaba aos xeonllos. Era... un tanto peculiar. Non resultaba especialmente atractivo no seu conxunto, pero tiña os ollos máis verdes e máis doces que eu vira xamais e cando sorría... cando sorría con aquel sorriso tímido, máis doce aínda cos seus ollos doces... E pasaríame a vida escoitándoo falar aquela mestura de portugués e castelán, con ese deixe musical que ten a lingua veciña que acabou por gustarme tanto e que se instalou para sempre nalgunha parte do meu cerebro para agasallarme, de cando en vez, con algunha lembranza que se filtra polas fendas da memoria sen permiso e me volve a algún tempo pretérito, non sei moi ben se para salvarme ou para mortificarme máis.

Dende o momento mesmo que Viri nos presentou fixémonos inseparables. Resultábanos doado comunicarnos. Algo fermoso, limpo e espontáneo xurdiu entre nós aínda que nunca lle puxemos outro nome que non fose amizade, unha profunda e sincera amizade. Quizais fose ese o noso erro.

João era diferente a toda a xente que eu coñecera antes. Seus pais eran os dous portugueses pero facía cinco anos que se separaran, un ano despois de que nacera o seu irmán Inácio , o seu único irmán. Viviran sempre en Lisboa, no mesmo centro, pero facía tres anos que se viñeran para Santiago porque a súa nai, Isabel, atopara un traballo de tradutora de inglés, así que arramplou para aquí cos seus dous fillos a empezar una nova vida. Vivían en Meixonfrío, preto de onde viviamos nós, nunha casa de planta baixa cunha pequena horta-xardín. A pesares de seguirmos o mesmo camiño durante dous anos, nunca reparamos o un no outro ata entón. O certo é que había moitísima xente naquel instituto, comparando coa que adoita haber nos institutos de agora, e ás entradas e saídas viña e ía xente de todas partes e para todas partes porque non había transporte como agora e cada un movíase como podía pero andábase moito a pé, percorríase a cidade, incluídos os barrios da periferia, dunha punta á outra porque mesmo o feito de coller un autobús urbano catro veces ao día supoñía un gran esforzo económico para mitos de nós.

Dende o día que Viri nos presentou facíamos sempre xuntos o traxecto de ida e volta ao instituto pola mañá e pola tarde ata que João empezou a dar pasantía no centro e tivemos que prescindir do momento do día máis agardado que era ao regresar do instituto cando quedabamos a falar no portal da miña casa ou sentados no valo que había enfronte, ao outro lado da estrada. Pasábannos as horas sen decatarnos. De inverno eu aterecía co frío e chegaba á casa que non sentía os pés nin as mans e por enriba aguantar tódolos días a bronca da miña nai, pero non me importaba, era un mal menor. Subía as escaleiras no aire, de dúas en dúas, sen sentir o chan debaixo dos pés con esa máxica ilusión que non se pode ter a outra idade.

Miña nai sempre foi moi hábil na arte de tirar a da lingua sutilmente e en principio o que sabía de João éralle suficiente. Un compañeiro de clase que ademais sacaba unhas notas brillantes. Ningún perigo. Ah!, pero cando soubo que era portugués, que seus pais estaban separados e que para máis inri vendía cadros – os seus propios cadros, feitos a base de moito talento, moito entusiasmo, moita imaxinación e poucos recursos- nos soportais da Rúa do Vilar... Puxo o grito no ceo! Para miña nai, naquela época, portugués viña a ser un sinónimo de moinante. E o de estar separados... Vállame Deus! Pero xa o de ir vender á Rúa do Vilar... Que porvir era ese? A que se podía aspirar? Por que sempre me había de arrimar aos *ninguéns*? Tantas boas amizades e coñecidos que tiña meu pai...

Meu pai tiña unha axencia de seguros en Bembibre, no Val do Dubra, a única que había en toda a redonda, pero traballaba tamén moito na zona de Ordes e de Santiago así que tiña moitos *amigos-clientes* de boas familias, con fillos e fillas *para os que mirar*: “*Mira para a filla de fulano, mira para os fillos de mengano, que fixeron isto ou aquilo ou o de máis alá*”. Non había cousa que máis me arrepiase. Creo que ata me alegraba – que mal sentimento (e que humano)- dos fracasos dos fillos e das fillas de *fulano* e de *mengano*, e sentía unha especie de secreta satisfacción cando eses ídolos aos que admirar caían dos seus pedestais namentres eu camiñaba con pasos lentos, pero firmes cara a... a onde? Ao éxito profesional e social, quizais, que era o que parecía proporcionar o feito de estudar e sacar unha carreira e que parecía tamén ser o máis importante na miña casa, ou iso me parecía a min daquela. Máis tarde descubriría que

non era así exactamente. “*Hai que aspirar a algo María, hai que aspirar a algo*”, que dicía meu pai.

Para miña nai a arte, a literatura, o teatro, a filosofía... non eran máis ca gandainadas que non daban de comer, un entretemento para ricos e para vagos e non entendía que me pasara horas e horas lendo ou escribindo cousas que non tiñan nada que ver cos estudos. Meu pai, pola contra, tiña outra mentalidade. Non era lector habitual doutra cousa que non fose o xornal dos domingos, pero criárase no medio dos libros. A súa nai, a avoa Dolores, era mestra, -a bisavoa tamén o fora-, e había na familia pola súa parte unha certa amplitude de miras, un horizonte máis estenso e unhas expectativas con respecto ao noso futuro que ían máis alá do aspecto simplemente económico. A avoa Dolores fixo prender en min, no meu irmán e na miña irmá, unha semente que medrou ano tras ano ao carón do Nacemento, no Nadal, cando por Reis sempre había un libro para nós, un agasallo que agardabamos con impaciencia, e tamén cando no verán iamos a Rial de Dubra, onde ela poñía escola, e nos deixaba entrar e remexer nas cousas e ler nos libros e facer as maiúsculas que ela nos mandaba no encerado: “*A ver cómo fas esas maiúsculas María Teresa*”. Eu tería sete ou oito anos e esforzábame por copiar a caligrafía gótica coa que ela escribía nos seus cadernos con aquelas plumas de ganso que tanto me fascinaban.

O certo é que agora podo ver o sinal que deixou en min cada un dos membros da miña familia. A miña nai non tivo a oportunidade de estudar, tivo que espelir dende moi cativa e inculcounos, xunto coa madriña, moitos valores, sobre todo a súa responsabilidade e capacidade de traballo; pero tamén, evidentemente, aspectos menos positivos que tamén nos marcaron e nos condicionaron ao longo de toda a nosa vida. Ela nunca me prohibiu nada respecto ás decisións que fun tomando ao longo da miña vida tanto a nivel persoal, nas miñas amizades –coas que case nunca estivo de acordo– coma nos meus estudos, porque eu tamén sempre demostrei ser responsable e acadaba moi boas notas que para ela era fundamental. Esforceime moito niso pero sempre me andaba a rosmar e a reprochar coma se nunca fose suficiente para ela. Sei que o facía con boa vontade pero os métodos non seguían precisamente un criterio moi pedagóxico. Naturalmente, a miña nai só quería para nós o mellor, coma todas as nais, e non entendía que eu quixera equivocarme en por min, vivir a miña vida á miña maneira por

excéntrica que fose –que o era- máis alá dos convencionalismos e estereotipos que ela sempre tentou, consciente ou inconscientemente, inculcarnos. O seu pesimismo, o seu derrotismo, os seus medos... foron en moitas ocasións un freo á hora de asumirmos algún tipo de risco, á hora de medrar e de enfrontarnos a un mundo cheo de incertezas e non sempre amable. O seu prognóstico nunca foi positivo, máis ben ao contrario, as súas sentencias nunca nos eran favorables. Iso era algo que me desesperaba, pero tamén, ás veces, facía que abrochara en min unhas ganas tremendas de enfrontarme ao mundo coa vehemencia dunha xuventude que me desbordaba incluso a razón, aínda que só fose por demostrarlle que eu podía, que era capaz. E tiven, nesa etapa, o poder de dominar a miña vontade cunha firmeza que hoxe me parece admirable e que, desgraciadamente, xa non teño dende fai moitos anos. *As cousas da vida*, que di a madriña, foron dobregando esa vontade e esa firmeza de carácter que eu pensaba que eran inherentes a min como persoa e non sei cándo, en qué momento da miña vida, se produciu ese punto de inflexión que rematou por me converter nun auténtico monicreque.

A pesar desa influencia pouco propicia da miña nai, eu fun dende pequena moi reivindicativa e independente no que respecta á familia. Nunca consentín que me mangonearan nin aquela actitude tan machista e abnegada propia da miña nai -máis ca do meu pai- que pretendía marcarme o camiño que determinaba o seu entender cheo de estereotipos e dunha imaxe bastante simplificada do que debía e podía chegar a ser unha muller nun mundo feito por e para os homes. A cruzada que mantiven sempre contra a supremacía masculina empezando pola miña casa custoume moitos enfrontamentos coa miña nai e moita incompreensión. Ás veces –moitas- sentínme soa, sen apoio e moi cansa, e pouco a pouco fun creando ao redor meu un valo de protección, unha cuncha, un mundo interior rico, diverso, íntimo e ata certo punto kafkiano, no que ninguén, excepto João, (nin sequera Viri) conseguiría entrar. Un mundo cheo de literatura, de música, de debuxos, de cores, de fantasía, e de moito estudo como adoita acontecer con aquelas e aqueles –adolescentes especialmente- que están cheas e cheos de complexos e case que non teñen vida social. Buscaba un espazo no que a miña autoestima non se resentise, onde proxectar todos os meus soños, un mundo feito á medida das miñas carencias e das miñas aptitudes onde algunha vez ser a protagonista dunha historia con final feliz, un mundo que se abría para min cando pechaba a porta do meu cuarto e sucumbía aos encantos da fantasía e me deixaba engaiolar languidamente polos cantos

das sereas que poboaban as páxinas dos libros que lía, da música que escoitaba e dos folios que ía enchendo de experiencias, de historias reais e fantásticas que pretendían baleirar –ou encher- cada curruncha da miña alma ou... dese espazo difícil de definir que transcende dos sentidos. Pódolle chamar alma ou tamén calquera outra cousa.

Só João conseguiu entrar nese espazo aínda sen pretendelo, dun xeito progresivo e sutil e silencioso, sen que eu me decatase. El aportou o seu mundo tan cheo de misterio, de metafísica, de idealismo... ao meu illado mundo de cores imposibles e xuntos construímos un mundo máis grande e máis fermoso –e máis kafkiano-, máis cheo de detalles e de submundos maravillosos, exclusivo, próximo, coma quen constrúe un fogar no medio do caos afastado das miradas inoportunas do resto dos mortais, impermeable aos ditames do sistema e case clandestino, e pensabamos tamén que indestrutible, mais aquela foi nunha simbiose sublime pero perigosa, altamente perigosa, que acabou por nos afogar.

João adoraba a arte – seu pai traballaba no Centro de Arte Moderna José de Azevedo en Lisboa -, e todo o que tiña que ver coa beleza nos seus estados máis puros, máis naturais, sen artificios, sen engadidos nin disfraces. O mundo, as cousas cotiás, vistas a través dos seus ollos eran diferentes e amosaban uns matices imperceptibles aos mundanais sentidos: “*O esencial é invisible aos ollos*”. Con el entendín esta frase en toda a súa extensión, con el aprendín a disfrutar da esencia das cousas, dos momentos e das persoas, con el comprendín os encrucillados escondidos nas páxinas de *O principião* e bebín dos complexos textos de Kundera e de Kafka unha substancia catalizadora que me permitiu ter unha visión moi particular da realidade, coa distante harmonía de quen é á vez espectador e protagonista da historia a través dun *alter ego* apostado do outro lado do espello, dunha vida allea na que se circunscribe a propia vida.

Precisabamos tan pouco... Tempo, tan só tempo que apurabamos ata o último segundo, *sempre e en todo lugar*, con urxencia infantil, con vehemencia. Nunca era suficiente, todo era susceptible de ser comentado, de ser debatido. João era un gran conversador, calidade esta que tanto estrañei cando as nosas vidas tomaron rumbos diferentes pero era, sobre todo, un gran compañeiro de silencios, extensos e profundos silencios metafísicos cheos de complicidade, dunha comunión perfecta na que as palabras non precisaban ser pronunciadas en aras dunha linguaxe subliminar máis precisa, máis ínti-

ma. Con el constatei que realmente empeza a haber verdadeira comunicación entre dúas persoas cando os silencios empezan a ser agradables.

João adoraba a beleza en tódalas súas formas e expresións e eu adoraba todo o que adoraba João. Sen dúbida, eu tiña moito máis que aprender del ca el de min por máis que el teimase en asegurar que: *“És tu quem faz grandes as coisas pequenas, em tuas mãos frias e em teus olhos profundos dormem todos os segredos da cidade”*. Era un romántico, un trovador, por máis que el teimase en asegurar que para min a pluma e para el os pinceis. A súa gran ilusión, e a miña, era facer Belas Artes pero era iso, unha ilusión. Por aquel entón, rematando COU, no ano oitenta e catro, o lugar máis preto para cursar esta licenciatura era Salamanca ou Madrid e, desgraciadamente, ningún dos dous nolo podíamos permitir. Eu era moi morriñenta e coma quen di nunca saíra do meu pobo, ademais naquel momento meus pais non contaban con recursos suficientes como para poder mandarme fóra, xa abondo facían e se sacrificaban para que puidésemos estudar os tres. Era, a nosa, a vida do estudante pobre, non nos pedían outra cousa, pero se non había beca non había estudo, non nos podíamos permitir o luxo de suspender. João era, con diferenza, máis cosmopolita ca min. El movíase sen dificultade por España e Portugal, en bus, en tren ou en autostop, que entón non resultaba aínda tan perigoso, e o feito de irse a outro lugar non lle supoñía ningún problema como a min, e máis, fantasiaba co marabilloso que sería irnos xuntos a Salamanca pero as súas circunstancias familiares tampouco lle permitían irse, súa nai precisábao para botarlle unha man con seu irmán Inácio. Ademais, naquel intre a soa idea de separarnos era inadmisíbel para calquera dos dous, de feito falabamos a miúdo de cómo nos afectaría o paso á Universidade e asustábase a posibilidade de que ese cambio puidese desestabilizar a nosa relación.

Unha vez que asumimos a necesidade de renunciarmos a Belas Artes, João decidiu facer Historia, non era o mesmo pero era o que había, e eu, con gran desgusto dos meus pais, que agardaban que fixese medicina, decidín facer Psicoloxía, Filosofía e Ciencias da Educación, por aquel entón. Na casa todos se estrañaron desa decisión miña tan repentina e inesperada, pero a pesar da súa decepción tan só me aconsellaron que o pensara con calma e que, escollese o que escollese, o fixese ben.

Non me gustou a Universidade. Todos os meus compañeiros e compañeiras se espaxaron polas facultades de Santiago e ninguén veu dar á miña, só unha rapaza que eu coñecía de vista do instituto pero coa que non tiña ningún trato, Charo, que acabou por ser unha boa amiga pola que aínda sinto un gran afecto a pesar do pouco que xa nos vemos. Viri fórase a Filloxía Inglesa, pero seguíámonos vendo con moita frecuencia e empecei a saír con ela e co seu outro grupo: o de ir ás discotecas e ás tascas cutres do Franco e da Calle Nova. Comecei a ir á súa casa os fins de semana, a saír e a relacionarme con outra xente, e a coñecer outro mundo e vivir outras experiencias, pero a relación con João non se resentía de momento a pesar de que xa non nos víamos a diario e de que algúns fins de semana eu me ía con Viri. Eu contáballe a onde íamos, o que facía, a quen coñecía... Pero João dicíame: *“Já me conheces, não tens que me dar explicações, saia e diverte-te, não permitas que eu te afaste do mundo, não tenho teu exclusividade”*. Así era el, sen celos, sen reproches, pensaba –os dous pensabamos– que o que sentíamos o un polo outro era indestrutible e os seus ollos seguían a ser os máis verdes e máis doces que eu vira xamais.

Así transcorreron os dous primeiros anos de facultade. As notas eran boas e os cursos sucedíanse sen demasiada dificultade. As notas de João, coma sempre, eran excelentes. Estaba contento, gustáballe o que facía, estudaba e investigaba pola súa conta, sempre por diante dos currículos e a biblioteca da facultade era a súa segunda casa. A min, pola contra, estábame a decepcionar bastante a carreira, e por veces tíñame arrependido de non facer tamén Historia aínda que só fose por estar preto del. El contábame con tanto entusiasmo... Non quedou unha pedra en Santiago que eu non coñecese. Ata cando, ás veces, iamos visitar á madriña, que ía vender á praza, me falaba de cando se construíra esta parte ou aquela, ou unha fonte ou un pequeno lavadoiro que estaba nun curruncho e a súa utilidade. Ás veces, aínda que eu non estivese, João ía visitar á madriña, que lle cadraba alí de lado, mesmo dende que nos deixamos ía vela e preguntarlle se quería que lle levase un café, e cando a madriña lle preguntaba por min el dicíalle: *“Súa neta não me quer nada senhora Lola, não me quer nada”*. Cantas veces mo ten contado a madriña! Ela sentía adoración por el. Chamáballe Xoan. *“É tan humilde este rapaz, tan educado... E quereche ben Tareixa, quereche ben. Non cambies os ollos polo rabo”*.

Nas vacacións ou algún fin de semana, João baixaba ata Merelle e pasaba horas falando con ela, ou, para mellor ser, escoitándoa, e se había que botar unha man a algo era o primeiro en apuntarse. A madriña estaba encantada. O certo é que, salvadas as primeiras reticencias, na casa cáfallle ben a todos, incluída a miña nai, que observaba con certo desconcerto algunhas condutas pouco habituais –inexistentes- nos rapaces e nos homes de fai máis de vinte anos, incluídos os da nosa casa, coma recoller e lavar a louza ou axudarme a tender a roupa.

A madriña, que non sabía ler nin escribir, tiña un sexto sentido para coñecer o fondo das persoas. Miña nai tamén, ou ela sempre nos dicía que quería saber con quen andabamos, que con lle poñer un ollo enriba xa sabía qué persoas eran, por iso eu lle presentaba deseguida ás miñas amizades, porque, a parte de que ela parecía quedar máis tranquila, a min dábame unha certa seguridade e, malia que en ocasións non estabamos de acordo nas nosas apreciacións, a min gustábame coñecer a súa opinión aínda que só fose para demostrarlle que estaba equivocada, coma no caso de João. O certo é que ela nunca tivo mala opinión del, o que non lle acababan de convencer eran máis ben as súas circunstancias.

Eu nunca dixen que João e máis eu fósemos noivos. De feito, entre nós nunca houbo ningún compromiso explícito, nin sequera tácito, por iso non cabían os celos nin os reproches e non nos sentiamos na obriga de dar ningún tipo de explicacións. Quizais foi ese o noso erro, quizais esa relación tan aberta, tan diferente, tan ilusa, foi o que rematou por me desestabilizar. Demasiado espazo, demasiada responsabilidade. Esa liberdade converteuse finalmente nunca cadea que me ataba máis ca ningún compromiso, nunha gaiola pousada na fiestra dun castelo medieval aberta cara un horizonte descoñecido que, á vez que me intimidaba, convidábame coma o canto dunha serea e eu devecía por me liberar daquela dúbida que mataba máis ca unha noite de lobos e de lúas famentas. Era libre de irme ou de quedarme, de estar ou non estar, e chegou un momento que non sabía cara a onde voar. A seguridade do meu niño tiraba por min, pero á vez descubrira outro mundo máis alá da fiestra, da nosa burbulla, un mundo máis real, máis humano -máis canalla-, que empezaba a resultarme bastante atractivo. Non sei cómo nin cándo nin tampouco por qué comecei a cambiar o sacro silencio e os bancos da Cortice-la na compañía de João polo fume e a cervexa da Quintana e arredores, e dos tugurios da

Rúa Nova de Abaixo noutras compañías menos místicas, menos entregadas á sublime práctica da meditación transcendental e do pensamento contemplativo. Supoño que a influencia de Viri e das súas amizades– xa miñas-, tiveron moito que ver. Non eran mala xente que andase metida en cousas sucias ou estrañas, só lles gustaba divertirse dun xeito ao que eu non estaba acostumada: moita discoteca, moitos viños polo Franco, moita gandainada e un pouco de *maría*. Nada que non fose habitual – que non propio- duns mozos e mozas que estreaban a vintena e entoaban o *Carpe Diem* ávidos por gozar do aquí e agora e apurar a súa xuventude, unha xuventude que, con todo, era máis sa ca de agora, ou iso me parece a min.

Nese outro ambiente no que me mergullei da man de Viri coñecín a xente nova e estreitei relacións con outra que xa coñecía do instituto nun intercambio máis real, máis mundano, e pouco a pouco ese nexo umbilical, primario, que me mantiña unida a João, que eu prognosticara de indisoluble e ao que lle conferira un don de eternidade dificilmente sostible, comezou a afrouxar por máis que eu tentaba equilibrar e compatibilizar as miñas dúas formas diferentes de entender e de estar no mundo, un mundo que parecía dividirse nas dúas caras dunha moeda onde só unha delas se me podía amosar. Ou cara ou cruz. Imposible estar dos dous lados á vez.

Un sentimento de culpabilidade, de desasosego, ía medrando en min, mentres João parecía non decatarse de nada, cada vez que me sentía atraída por outro rapaz dun xeito máis hormonal, máis físico. Aos meus vintedous anos quería, necesitaba, unha relación máis apaixonada. Tanto amor romántico estaba a atrofiar os meus instintos máis básicos e os doces ollos verdes de João xa non producían en min aquela enigmática sensación de ingravidez que me proxectaba á estratosfera dos sentidos.

Custoume moito expoñerlle a situación, dicirlle que o noso non camiñaba cara a ningures, que non deixaba de ser máis ca unha profunda e sincera amizade, que o noso mundo se me facía pequeno e eu devecía por voar. A reacción de João foi menos dramática do que eu agardaba e iso rematou por confirmar as miñas sospeitas de que nos faltaba vida, emoción, paixón. Quizais se me pedise, se tratase de persuadirme, se se enfadase.... Pero non, nin un reproche. Aínda se sentía culpable e á vez agradecido por tanto tempo xuntos. Dixo que en certa medida sempre temera que un día ocorrería algo así, que coñecería a alguén menos aburrido, menos predicible e que me largaría. Esa ac-

titude súa de sentirse responsable de tódolos males do mundo que nun principio me parecía un xesto de conmiseración e humildade, e que producía en min unha inmensa tenrura, acabou por molestarme infinitamente.

Seguimos véndonos con asiduidade, conversando, sentindo aínda esa complicidade e gozando dese sentimento tan forte que aínda nos unía, malia que non o soubésemos ou non o quixésemos definir, ata que lle contei que saía con outro rapaz. Non polo feito de que saíra con alguén, que máis tarde ou máis cedo había de acontecer –dicía João-, senón por quén era ese alguén, puideron ver a decepción e a dor no rostro de João e entón si que resultou dramático. Eu sabía que había ser un golpe duro, pero non pensei que o acusara dese xeito. Tornou pálido e miroume coma se nunca antes me tivese visto, coma se non me coñecese, non atinaba a articular palabra e a miña dor, certamente, non era menos. Daría calquera cousa por evitarlle aquel momento.

Carlos! Non podía ser! Calquera menos el! Carlos era da camarilla de Viri, coñecíamnos todos do instituto. O contrapunto de João. A outra cara da moeda. El representaba tódolos valores negativos que detestábamos, tiñámolo comentado nalgunha ocasión, por iso João non o podía aceptar, non o podía entender; pero eu non podía velo naquel intre. Ah! Certamente o amor é cego ...e xordo e necio ata o absurdo. E a miña cegueira, a miña xordeira e a miña necidade duraron moito tempo, demasiado tempo.

Carlos era, sobre todo, guapo. Era guapo e o só feito de que se fixara en min, que fisicamente non tiña nada de especial, xa me embobou por completo, así que convertín en virtudes tódolos seus defectos: a súa prepotencia, a súa arrogancia, a súa chulería, esa maneira displicente de tratarme e ata esas formas que ás veces raiaban a insolencia e a obscenidade me fascinaban. Eu, acostuada á cortesía, aos modais refinados, ao ton de voz doce e á compresión infinita de João... Pero, non sei por qué razón, quizais para xustificarme inconscientemente, tentaba convencerme a min mesma de que esas actitudes só reflectían unha debilidade de carácter e unha actitude victimista para non enfrontarse a un mundo que João non quería asumir, un mundo que para min ulía a fresco, a novo. Ah! Probe João que vivía no limbo dos xustos, no país de Nunca Xamais!

Non quixen oír nin ver nin saber. Estaba tan... namorada? Idiotizada? Desatendín as advertencias de Viri, os sabios consellos da madriña que adoraba a João, o ollo

crítico da miña nai, e entregueime sen reservas a unha relación que polo menos a min, naquela etapa, me satisfacía plenamente. Fixen tódalas loucuras e cometín tódolos excesos que me permitía o meu sentido da prudencia e sentíame feliz, moi feliz. Carlos era alegre e divertido e con el todo parecía ter un carácter urxente, todo era intenso e apaixonado e eu sentíame liberada de non ter que aportar ningunha responsabilidade á nosa relación, só me deixaba levar. El tomaba tódalas decisións, ás veces incluso sen contar coa miña opinión, pero eu non o vía coma unha actitude displicente cara min, porque sempre levaba a auga á súa torna con palabras amables e agarimos. Ademais a súa situación económica – a da súa familia, que rexentaban unha empresa de transportes en Carballo, porque el era un mediocre estudante de Económicas- era boa e podía permitirse uns luxos, que compartía comigo, aos que eu non estaba acostumada. Ao máximo que aspirabamos João e máis eu, que faciamos vida de estudantes pobres, era a tomarnos un café na cafetería da facultade de Historia ou ir a algún concerto moi escollido. A verdade é que a lembranza que teño da nosa etapa de noivos, aínda agora vista dende a distancia e das circunstancias que barutan esta visión, é positiva. Carlos adoitaba ser tenro e protector. O típico mozo que se *partiría a cara* pola súa noiva e iso a min, lonxe de consideralo “*un exceso cromagnoiide de macho-men*”, que dicía Viri, alagábame.

Cando acabei a carreira empecei a traballar nun psicotécnico, por mediación do meu pai, e a preparar oposicións a Maxisterio mentres Carlos sacaba as pendentes que arrastraba de varios cursos, e cando isto aconteceu, un ano despois, resolveu que casaríamos e eu aceptei sen dubidalo. Tiñamos vinte e cinco anos e meus pais, sobre todo o meu pai, puxo o grito no ceo porque eu decidín pasar das oposicións ás que nin sequera me presentei e deixei o traballo. “*Hai que aspirar a algo María, hai que aspirar a algo. Non chegaches ata aquí para nada*”. Pero eu pensaba que xa o acadara todo. Rematara a carreira, que estaba aí por se algún día a precisaba, ía casar co home do que estaba namorada e en principio non teríamos problemas económicos. Carlos íase ocupar do, cada vez máis próspero, negocio familiar, seus pais regalábanos un piso en Carballo, tiñamos – tiña- un bo coche... Eu pensaba que non se podía pedir máis.

A relación de amizade que tiña con João esvaecérase por completo. Xa se empezara a resentir ao pouco de comezar a saír con Carlos que era receoso e *ciúmento*, pero outra vez a min, lonxe de molestarme, parecía un xesto de amor, do moito que me

quería. João entendeu, adiviñouno nos meus ollos as escasas veces que nos víamos e púxome moi doado, desapareceu da miña vida sen ruído, sen resentimento, descubríndome unha vez máis o seu carácter tremendamente xeneroso e comprensivo. Lembro aínda a última vez que nos vimos. Era a principios de xullo do oitenta e oito, rematarámos o cuarto curso da carreira e quedáramos para ver unha exposición de arte galega medieval en San Martiño Pinario. Coma sempre, João explicoume todo, unha lección amena, precipitada e entusiasta dende o prerrománico ata o gótico tardío. Canto estrañei eses momentos ao longo da miña vida! Despois da exposición perdémonos coma tantas veces polas rúas da cidade e rematamos tomando un café no lugar de sempre, na mesa de sempre. Díxome que se alegraba de verme feliz e que estaba moi guapa. Estrañoume, non de que se alegrara de verme feliz, que sabía que era certo e non agardaba menos do seu bondadoso corazón, pero nunca facía ningún comentario referente ao meu aspecto físico; tanto era así que unha vez, cando xa levabamos moito tempo xuntos, preguntárame se lle atraía como muller, fisicamente, porque ás veces dubidábo, era sempre tan comedido... Sorriu, abrazoume e dixo que si, pero soltoume unha perorata sobre a verdadeira esencia da beleza, a frivolidade, a relatividade e non sei qué outros aspectos esenciais da natureza humana, deses que rebulían sempre na súa cabeza.

Falamos de nós, de cómo nos ía, dos seus proxectos, de Carlos e dos seus celos... Ata que me colleu docemente das mans e me bicou as palmas mirándome aos ollos fixamente, como adoitaba facer, e me dixo cunha inmensa tristura naquela mestura de portugués-castelán que eu veneraba: *“Nunca Carlos te vai amar jamais como eu e, de todas formas, o que eu senti e o que sento não mo pode tirar ninguém, nem sequer tu”*. Foi unha despedida. Unha sensación de perda, de abandono, percorreume de arriba a baixo coma un lóstrego e encolléuseme o corazón. Eu desexaba que João tamén fose feliz, que atopara alguén que o quixera como el se merecía e que se namorase, que se namorase outra vez coma min. Creo, de tódolos xeitos, que máis ca un desexo altruísta, era una forma de redimirme. Non quería sentirme culpable do seu sufrimento, non quería que padecese e, no entanto, aínda pensaba egoistamente que sempre estaría aí, incondicionalmente, pero non foi así. Esa foi practicamente a última vez que nos vimos ou polo menos que intercambiamos máis ca un simple saúdo. Logo entereime por Viri de que fora facer o último curso da carreira á Universidade Clásica de Lisboa e que estiveira alí varios anos traballando na Facultade de Letras. Probe João! Ao fin partía cara a

luz como reza na máxima latina: “*ad lucem*”, o lema desa Universidade. Imaxinábaosúa bufanda de raias ata os xeonllos, co seu aspecto bohemio, o longo frequillo enriba dos ollos, os seus dedos finos sostendo algún libro de arte, paseando taciturno polo Chiado, dende o Barrio Alto ata a Baixa Pombalina, pola Praza do Carmo e a Calle Augusta, sentándose no vello banco de forxa que había a carón da estatua do insigne Pessoa, á sombra da “*magoadaluz dos jacarandás, que me pousava nos ombros*”, dos jacarandás que tanto cantou Eugenio de Andrade nos seus poemas.

Pessoa, Eugenio de Andrade, Sophia de Mello, Mario de Sá Carneiro... Todos os poetas portugueses que coñecín a través de João e que tantas horas de pracer me deron, que tanto elevaron o meu espírito... “*Tenho medo de Mim. ¿Quem sou? ¿De onde venho? Aqui tudo já foi*”. Cántas veces me viñeron á mente eses versos de Carneiro nos meus intres máis escuros. Cómo puido acontecer que algunha vez non houberese na miña vida sitio para a poesía, cómo puido ser que algunha vez trocábase os sublimes versos de Neruda e de Valente pola frivolidade das revistas de moda e do corazón ou polas telenovelas sudamericanas. “*Tenho medo de Mim. ¿Quem sou?...*” Qué estrañas sinapses neuronais desestabilizan dese xeito o noso cerebro para que mudemos de súpeto sen unha razón lóxica, de ónde e por qué xorden eses sentimentos cara unha determinada persoa que anulan por completo o noso raciocinio, que nos fan volubles, que provocan efectos inusitados na nosa conduta.

Lembro a viaxe que fixeramos a Lisboa uns meses antes de que a nosa relación se desmoronara pola miña decisión unilateral. A nosa primeira viaxe xuntos. A nosa única viaxe xuntos. Fomos visitar aos avós maternos de João e coñecín tamén ao seu pai e a súa nova parella. A miña imaxe do Portugal probe e dos portugueses, bastante influenciada polos prexuízos da miña nai, xa cambiara moito dende que coñecera a João, pero para min Lisboa resultou toda unha novidade. Eu nunca estivera nunha cidade tan grande e foi a primeira vez que vin xente de cor – de cor negra- e oriental paseando polas rúas nunha mestura perfectamente integrada e unha diversidade de falas e de culturas que eu non coñecía; tamén é certo que practicamente non saíra de Santiago e João, coma sempre, foi un magnífico guía e amosoume unha cidade chea de matices e de currunchos maravillosos onde el, un día, esgotara a súa nenez. Fixemos a viaxe en tren e estivemos unha semana na casa dos seus avós. João presentoume coma unha amiga e foron

moi atentos comigo. Iso si, tivemos un irreprochable comportamento de amigos que me decepcionou bastante. Eu agardaba outra cousa. Na miña cabeza danzaban as imaxes de bicos apaixonados e escenas menos románticas e máis urxentes das que João me tiña acostuada. Foi daquela cando lle preguntei se eu lle atraía fisicamente e João sorriu, abrazoume e dixo que si; pero eu tiña présa, máis présa ca João que pensaba que tiñamos todo o tempo, toda a vida, cando na miña cabeza xa rebulían as dúbidas e no meu corazón se estaba fraguando aquela sensación de encasulamento, aquel desexo de querer voar máis lonxe, máis alto e sen paracaídas.

En preto de vinte anos volvín ver a João un par de veces máis dende aquela despedida na cafetaría de Historia. A primeira vez foi na rúa, eu ía con Carlos, debiamos levar tres ou catro anos casados. O encontro foi inevitable e João detívose a saudarnos. Deulle a man a Carlos – el sempre tan correcto- e dous bicos a min, e non sei se foi real ou froito do meu maxín, pero sentín que os seus beizos se demoraban na miña meixela un instante máis do cortesmente correcto e a súa man apertou a miña dun xeito e cunha sutil simboloxía coñecida e inequívoca para min, colléndome máis alá da palma da man, arrodando o meu pulso, mentres me miraba aos ollos un segundo, o suficiente para que eu tremese dende a cabeza ata os pés. O encontro durou só o necesario para facer as inevitables preguntas e respostas de cortesía. El evitou volver mirarme, pero eu souben, sentín, que aínda gardaba un lugar preferente para min no seu corazón, que a ferida seguía aberta.

A segunda vez que nos vimos, coincidimos no Hospital. El ía visitar a seu irmán que tivera un pequeno accidente e eu estaba coa miña sogra que levaba uns días hospitalizada. Pasara moito tempo, eu xa tiña ao meu fillo Luís, andaría polos trinta e cinco e estaba en plena decadencia moral e física. Sen dúbida o meu aspecto demacrado e descoitado colleuno por sorpresa: “*Maite? Ocorre algo?*” Si, si ocorría. Eu tratei de achacalo ao cansazo producido pola doenza da miña sogra, pero non puider conter as bágoas e João aínda me coñecía demasiado ben. Insistiu en ir a un lugar tranquilo onde poder falar. Eu estaba tan avergoñada e tan alterada que non atinaba a dicir ningunha cousa con sentido -con sentido para João-. E se alguén nos vía? “*Que...? Só imos tomar un café ao bar de enfronte*”. Esta vez si falamos. Conteille un pouco a miña vida, que tiña algúns problemas no meu matrimonio e que estaba a pasar un mal momento,

pero evitei contarlle as verdadeiras razóns e os detalles máis duros, non quería que sentise mágoa por min. Falamos da miña familia, do meu fillo, de Viri...El contoume que estaba en Pontevedra dende facía un par de anos, daba Teoría e Historia da Arte en Belas Artes e non tiña fillos pero tiña parella. Alegreime por el. Despedímonos cun abrazo sincero, coa complicidade e o afecto de dous vellos amigos que saben que poden tardar en verse ou, quizais, non cheguen a atoparse nunca máis.

Casei con Carlos en xuño do noventa e un. Hoxe danme arrepíos cada vez que me acordo, pero daquela parecérame unha cerimonia marabillosa. Empreguei moito tempo, moita ilusión e moitos cartos dos meus sogros nos preparativos, en arranxar o piso e en que todo fose perfecto ese día. Casei moi namorada de Carlos e sei que el tamén o estaba de min malia que finalmente as cousas tomaran un rumbo impredecible. Os primeiros dous anos foron unha continua lúa de mel. Viaxabamos, saíamos cos nosos amigos e visitabamos á miña familia, en Merelle, tódalas semanas ou viñan eles ver nos a Carballo. Eu non traballaba fóra e dedicábame á casa, a min e a Carlos. Pensei nalgún momento en retomar o das oposicións animada por Viri que aprobara as súas por Inglés, pero a Carlos non lle pareceu boa idea por se me tiña que ir fóra ou desprazarme como lle pasaba a Viri que un ano estivera en As Nogais, outro en Valdoviño e así. A min tampouco me atraía a idea a pesar de que meu pai non deixaba de insistir, dicía que o importante era ter a praza e que despois xa pediría excedencia se quería, pero a miña ilusión de ser mestra coma a avoa Dolores esvaecérase e cambiei os libros que adornaban os meus estantes e vitrinas por vaixelas de Sargadelos, pezas de porcelana e cristalerías de Bohemia. Convertínme nunha auténtica *maruja* – con perdón das *marujas*- que vía as telenovelas, pintaba as uñas e lía as últimas novidades dos famosos e das tendencias da moda que despois comentaba coa miña sogra que facía exactamente o mesmo ca min.

Pasei de ser Maite a ser a “muller de Carlos”. Pero Carlos cada vez estaba menos comigo. O negocio expandíase e cada vez el dedicáballe máis tempo. Ás veces non viña comer e pola noite chegaba tarde e canso, e moitas veces traía unha copa de máis. Xa case non saíamos e cada vez iamos menos a Merelle. O fin de semana quería descansar ou ir ver o fútbol e xogar a partida. Ademais adquirira unha afición tardía pola caza e, cando era tempo, íase fins de semana enteiros para León ou para Toledo, entón eu collía

o coche e ía para casa da madriña. Procuraba que non mo notasen, pero cada vez estaba máis triste e deprimida. Tentei falar con Carlos e explicarlle cómo me sentía, pero reaccionou de xeito violento gritándome: “*Hai que foderse, como ti estás todo o puto día na casa rañándoa...*”. Quedei abraiada. El era impulsivo pero nunca antes me falara así, nese ton e con ese desdén. Enmudecín e tratei de atopar unha xustificación. Quizais tivera un mal día e non era o momento, quizais viu máis un reproche ca unha petición de que pasásemos máis tempo xuntos, quizais... Non lle dei máis importancia e o feito de que Carlos se desculpara rematou por disipar o meu recelo. Pero iso só era o principio, o principio do fin, o principio do caos, do ocaso.

O primeiro golpe foi o máis duro. Non contaba con el. Foi dereito ao corazón. Aínda flotaba no ar o recendo das flores e o son das súas palabras doces nos meus oídos, aínda o calor do seu corpo perduraba nas miñas costas. Como puido acontecer? Como puideron mudar tanto e en tan pouco tempo os seus sentimentos? Ou non mudaron quizais e todo foi unha tremoia, unha gran tremoia na que sucumbín coma un monicreque sen vontade.

Houbo un tempo que en verdade os días precedían ás noites, que todo eran risas resoando nos currunchos, veráns acesos no cabelo e nos ollos, bandadas de paxaros recortadas contra o ceo, andares alegres e resoltos... Días de namorar! Pero tan fermosa coma breve foi a eternidade que xuramos, e “*cumprimos máis anos ca promesas*” que diría Sabina. Logo, todo non foi máis ca unha sucesión de noites sen fin. A escuridade entraba na casa a mediodía para non irse nunca, todo o tempo era outono – outono de grises e de bágoas, de silencios que se reclinaban sobre a roupa dos tendais xa resáda, sobre das pálpebras pechadas da desolación- e ás veces ameazaba un inverno frío que xeaba os pensamentos e enmudecía os sons que puxaban por saír da miña gorxa. Ás veces a propia morte abrochaba na morte allea coma un presaxio escuro e o medo corría imparabile polas veas paralizando o corpo e a vontade.

Houbo un tempo no que os cantos dos paxaros se suspendían arredor meu cheos de vida, enchendo de cor e de ledicia cada espazo do meu fogar e da miña vida; pero sen que eu me decatara os cantos mudaron en laios, coma notas melancólicas nas cordas do violín de Piazzolla, e eu só quería morrer na súa gorxa coma un verso breve na boca

dalgún poeta esquecido, esvaecer coma o voo exento das sombras que aniñaban na miña soidade e tinguían tódolos meus días dunha tristura ata entón descoñecida por min.

Aínda permanece un profundo sinal na memoria, unha ferida que ameaza cada vez que a esperanza asoma timidamente, coma un frío glacial, coma esa noite de lobos e de lúas famentas. Ah! Ese lobo estepario de Hesse que ouvea na metade na nada e me persigue, e eu, o cervo asustado, acurrulado... Como escapar, aínda agora, da lembranza dos seus dentes feroces devorando os meus pernís? Como esquecer a furia dos seus ollos revertida sobre as miñas feridas abertas, a forza dos seus puños sobre a miña vontade? Como esquecer?

O corpo esquece, esquece e érguese, e lambe as súas feridas con instinto animal sen máis pretensión que a simple supervivencia; pero a alma -ou ese espazo difícil de concretar que nin sequera me atrevo a definir-, non se rexe por instintos primarios. Ese gran enreixado de conexións neurolóxicas -por darlle un nome o máis terreal posible-, non atende a razóns nin a lóxicas, e venme a mente o socorrido e tan célebre dito de Blaise Pascal: *“el corazón tiene razones que la razón ignora”* . O certo é que unha vez a miña alma estalou en mil anacos e nunca máis a puiden reconstruír, e teño a certeza de que xa nunca volverei ser igual, malia que a esperanza volva a asomar timidamente, unha e outra vez. Non é doado. Non é volver a empezar. Non. É continuar polo mesmo camiño, máis ou menos accidentado, con todo o que fuches gañando ou perdendo ao longo da viaxe, coa certeza plena de que nunca, nunca, poderás volver atrás. O que fagas, feito quedará por sempre xamais, e o que non fagas tamén, que en moitas ocasións un arrepiéntese máis polo que deixou de facer que polo que fixo, e os remorsos son máis crueis neste caso. Un come-come rebule constantemente na nosa conciencia recriminándonos polo que puido ser e non foi, escribindo o final das historias inconclusas, idealizando o improbable e soñando soños imposibles.

Si, lembro o primeiro golpe. Foi brutal. Non foi certamente un golpe físico, pero derruboume por completo, deixoume sumida na máis absoluta miseria, cunha dor inmensa que me quitou o alento e fixo que me fallasen as forzas e as pernas e a razón. Nunca máis me puiden recuperar, nunca máis conseguín, nin sequera hoxe, borrar da miña mente esa lamentable imaxe de min mesma avergoñada, aldraxada, desprezada, digna de compaixón. Unha imaxe infame que me persigue onde queira que me agache,

coma unha pantasma á espreita dos meus soños abisais para mortificarme co seu sarcasmo unha e outra vez.

Eran as festas do San Xoán. Estabamos na casa dos meus sogros coa súa familia despois de cear e iamos saír. Viñeran tamén meu irmán Xurxo e a súa moza, dúas parellas de amigos cos que adoitabamos saír en Santiago e Viri. Alí as festas celebrábanse por todo o alto e tódolos días que duraban estaba a casa dos meus sogros chea de xente. Eu funme cambiar para saír, estaba contenta, tiña as miñas razóns para estalo, arranxeime máis ou menos coma sempre, que nunca fun eu de moitos excesos. Cando baixei aínda estaban todos no comedor. Carlos agarroume por un brazo, miroume con desprezo e gritoume: “ *A onde coño cres que vas con esa pinta de puta?*”

Todo o mundo o oíu. O silencio era indixerible. Só meu sogro acertou a dicir: “*Boh!... E logo que ten así a rapaza?*” Pero o mal xa estaba feito, o golpe xa estaba dado. Non vin a cara de ninguén, nubróuseme a vista e a razón. Non podía falar, non podía chorar, non podía fuxir. Esvaecín. Falloume o corpo e o sentido, e esvaecín. Cando volví en min, Viri e Susana, a noiva de Xurxo, estaban ao meu carón, e meu irmán turraba por min e dicía: “*Vaiamos de aquí, vaiamos de aquí, vente connosco. Cabrón de merda...*”. Foi un dos momentos máis tristes da miña vida. Leváronme á casa, collín catro cousas e marchei con Viri para o seu piso en Santiago, ela vivía soa e tiña espazo de abondo, e eu non quería que se decatase o resto da miña familia.

Sabía que Carlos non tardaría en me vir buscar. Ese día eu estaba contenta e tiña as miñas razóns: estaba encinta de Luís. Ninguén o sabía máis ca Viri e o meu sogro. Viri, a miña mellor amiga, xa o soubo antes de sabelo, é dicir, xa llo dixen cando só o sospeitaba, e a meu sogro dixérallo esa mesma mañá porque saíra en conversa. El estaba a enredar co neno dunha sobriña súa, miroume e díxome: “ *A ver cando hai un meniño nesta casa*”. Carlos era fillo único e eu sabía que meus sogros toleaban por un neto, así que lle dixen que xa estaba en camiño pero que non o comentara, que non llo ía dicir a Carlos ata o día seguinte que era o seu aniversario. Estivo eufórico todo o día, non cabía dentro de si, miraba para min e non podía conter os seus músculos que deixaban escapar un amplo sorriso. Eu sabía que llo ía dicir en canto soubese que eu non durmira na casa para que arranxamos as cousas o antes posible, e así foi, ao día seguinte a primeira hora chamou meu irmán Xurxo para dicir que Carlos falara con el para saber de min e

aínda ben Xurxo non colgou xa estaba Carlos chamando á casa de Viri. Eu non me quixen poñer e el díxolle a Viri que saía para alí e que, por favor, lle abrise porque pensaba estar á súa porta mentres non falase comigo, e eu, estúpida de min, sentín que se me adondaba o corazón ao pensar que era o típico home capaz facer unha loucura pola súa muller, un cabaleiro medieval disposto a baterse en do, “*un exceso cromagnoide de macho-men*”, que dicía Viri.

Cando chegou xa o sabía todo. Chorou, axeonllouse, suplicoume, prometeume... E nin sequera tivo que convencerme porque eu xa tiña pensado perdoarlle. Collín as miñas catro cousas e funme deixando tras de min o xesto de decepción no rostro compunxido de Viri e as abatidas palabras de despedida: “*Que teñas sorte!*”. A Carlos só lle dirixiu unha mirada de desprezo. Ela non lle perdoaba. Ela intuía que non sería a última vez.

As cousas cambiaron bastante. Carlos volveu ser o de antes: divertido, atento e moi pendente de min, e sobre todo moi ilusionado co nacemento do noso fillo. Pasaba máis tempo comigo, acompañábame a pasear, a tódalas revisións médicas e a mercar todo o necesario - e máis do necesario- para o noso meniño. E cando naceu Luís creo que fomos realmente felices. Eu descubrín outro tipo de amor, un sentimento descoñecido que me mantiña nun estado de permanente éxtase. Aquela criatura indefensa espertaba en min unha tenrura e unha sensibilidade que nin sospeitei nunca que posuía. Facíame – e faime- grande, inmensa. Non hai nada, nada, que se pareza a este sentimento, a este vencello que me une ao meu fillo Luís. E se algunha vez, por el, fun capaz de arrastrarme e degradar a miña dignidade ata un punto que me fai dano lembrar, tamén , por el, fun capaz de superarme, de saír do pozo escuro no que me sumín durante moito tempo. A súa inocencia, a súa risa, os seus ollos interrogantes, as súas manciñas dondas enxugando as bágoas que ás veces me era imposible conter... déronme o empurrón que precisei para erguerme, para revelarme, para salvarme dun destino que parecía mofarse do meu infortunio, para salvarme sobre todo de min mesma.

Pero “*a ledicia pouco dura na casa dos pobres*” – que di a madriña- e outra vez Carlos volveu ser violento, desagradable. Volveu gritarme, humillarme. Non soportaba que o neno chorase e, desgraciadamente, Luís choraba moito. Primeiro tivo a típica

etapa de cólicos que lle durou máis tempo do habitual, durmía fatal, espertaba unha morea de veces na noite, comía mal... E choraba, choraba moito. Carlos gritábame e acusábame de que nin sequera era capaz de atender o neno, que non valía para nada, que o neno sufría pola miña culpa, que pasaba fame e tiña cólicos porque o meu leite era malo e non valía. Lembro estar dándolle de mamar mentres as bágoas me esvaraban ata o peito e chegaban a boquiña de Luís que estarrecía. Miña xoia! Ás veces quitábame o neno das mans e tentaba consoalo el ou levábao á casa de súa nai, que vivía case ao lado, mentres profería todo tipo de insultos contra min. Eu estaba totalmente desolada, fartábame de chorar. Ao principio pensei que estaba así porque non descansaba por mor dos choros do neno, pero logo decateime que o neno só era un pretexto máis, calquera cousa valía para insultarme, para abafarme diante dos demais, para botarme en cara que vivía ás súas expensas, que eu non tiña nada alí. Ah! Cánto me acordaba das palabras do meu pai: “ *Hai que aspirar a algo María, hai que aspirar a algo*”. Daquela empezaba a entender. Eu non valía nada porque non tiña nada, non aportara nada material a aquel matrimonio e o demais non tiña ningún valor para Carlos, ningún valor e, o que era peor, foi capaz de convencerme a min mesma de que era así, de que el era o meu dador, que sen el non tería onde ir, que non valía nada, absolutamente nada. De feito, nin sequera era Maite, era *a muller de Carlos*.

Volvinme un esperpento, unha caricatura patética de min mesma. Adelgacei ata límites perigosos e presentaba un aspecto lamentable de desleixo, de abandono. Por iso tamén era insultada e menosprezada. Deixamos de ter ningún contacto físico. Ás veces notaba como Carlos me miraba coma con asco e eu non soportaba que se me achegara, non soportaba a súa presenza aínda que me coidaba moito de que non o notara para non aumentar aínda máis a súa ira. Cómo ía ser que eu, que estaba “*feita unha puta merda*” o desprezara a el, o prototipo de adonis narcisista enchido da súa propia vaidade. Deixei de sorrir, perdín a miña alegría e a miña risa, nin sequera era capaz de sorrirlle ao meu neno, nin sequera era capaz de cantarlle coma todas as nais. A única que poñía unha nota de alegría naquela casa era Viri. Déranlle praza definitiva en Arteixo e residía na Coruña. Baixaba tódalas semanas a vernos, a min e a Luís. Procuraba non coincidir nunca con Carlos, eu pedíallo de favor, e ela sempre me chamaba antes. Eu sabía que Viri se enfrontaría a Carlos se tiña a oportunidade, pero tamén sabía que iso só me traería máis problemas. En ocasións ela insistía e saíamos. Iamos ata A Coruña,

levabamos o neno a algún parque ou ao cine ou a mercarlle roupiña – cousa innecesaria porque diso xa se encargaba sobradamente miña sogra, nin sequera eu lle mercaba a roupa ao meu fillo-. Non lle contaba a Carlos que saía con Viri, máis ca nada porque as nosas conversas limitábanse a que el preguntaba e eu respondía, case sempre con monosílabos, ou el gritábame e eu achantaba sen dicir palabra porque non se enfadase aínda máis. El remataba por sabelo porque o neno o comentaba, pero gardábase de facerme ningún comentario. Tiráballe da lingua a Luís para pescudar a onde foramos e con quen estiveramos. Por algunha razón incomprendible para min Viri exercía sobre el un estraño poder de contención. Ela non sentía ningún respecto por el e Carlos evitaba enfrontarse a ela. Co tempo, e reflexionando sobre iso, cheguei á conclusión de que non quería que eu presenciase unha confrontación na que a súa situación de poder se cambalease, unha confrontación con alguén que non lle tivese medo, que o mirase incluso con certo desdén como facía Viri e mesmo que fose capaz de falarlle empregando a súa mesma linguaxe groseira e obscena. Así, lembro unha vez, antes que as cousas nos fosen tan mal e eu lle pedise que non viñese sen chamarme antes, estabamos a tomar algo nunca cafetaría con outra parella veciña e Viri preto do noso piso, cando Carlos fixo un comentario bastante despectivo respecto da soltaría de Viri e ela, que xa estaba a rebentar, espetoulle: “*Que che dean polo cu, cabrón de merda, e se che gusta que che repitan, que para estar con alguén coma ti...*”. Soltoullo así diante de todos e quedou máis ancha ca longa, e Carlos quedou totalmente avergoñado, máis ca nada porque non agardaba esa reacción da miña, que un día fora nosa, amiga.

Viri nunca me abandonou. Nunca. Outra xente, a que viña de copas e de festa con nós, deixoume de lado, e pouco a pouco foise apartando da miña vida. Tampouco o sentín moito. Pero Viri sempre estivo cando a precisei, igual ca miña familia, pero aos meus evitáballes a dor de saber o mal que me ía todo buscando as máis estúpidas excusas, tratando de amosar unha alegría que non acababa de chegar aos meus ollos, un sorriso que, de forzado, debía parecer un aceno patético. Pola contra, Viri sempre tivo coñecemento de tódalas miñas penurias, mesmo das que eu non podía ou non quería ver. Ás veces vía na súa cara a rabia, a desesperación e a impotencia que lle producía a miña pasividade, o meu abandono e mesmo, ás veces, as miñas malas contestacións e a miña desconsideración: “*Por favor Viri, non empeces outra vez co mesmo conto*”. Ela insistía en que debía deixar a Carlos, que, en situacións como a miña, a vida podía

resultar demasiado longa, que era moi nova para claudicar así, que qué futuro lle agardaba ao meu fillo... Pero eu pensaba precisamente no meu fillo, aguantaba precisamente polo meu fillo. A onde ía ir eu sen traballo, sen casa, sen recursos... Seguro que me quitaban o neno. Carlos xa mo deixara ben claro, e iso xamais, xamais. Ademais... Carlos nunca me pegara. Amezábame, insultábame, e sobre todo minaba a miña autoestima ata volverme nun monicreque sen vontade, sen decisión, sen voz, sen presenza. Todo lle servía como desculpa: se ía, se viña, se falaba, se non falaba, se a comida estaba quente, se estaba fría, se a fiestra estaba aberta, se estaba pechada... O motivo era unha nimiedade que non tiña por qué ser lóxica nin razoable e eu nunca sabía a qué aterme, nunca sabía de qué humor chegaría, pero cada vez que oía abrirse a porta o corazón acelerábaseme, púñaseme un nó na gorxa e tremíanme as pernas. Nin sequera son capaz de visualizar o meu propio retrato nesas circunstancias, pero cada vez que me lembro enfermo, sinto náuseas, e non no sentido metafórico da palabra senón na súa acepción máis literal. Pero nunca me pegou, nunca me puxo a man enriba malia tela erguido moitas veces. Non o precisaba, xa me sabía totalmente derrotada, totalmente asoballada. Viri bufaba coma un gato acurralado: *“E aínda lle has de ter que estar agradecida!”*.

Cando iamos a Mérelle –cada vez con menos frecuencia, só cando a madriña ou miña nai insistían porque querían ver o neno ou porque ían comer alí todos, entón eu dicíallo e el consentía-, Carlos cambiaba de actitude, non parecía o mesmo e ata me dicía que cambiase de cara e que me arranxase un pouco, que aínda habían pensar que non vivía ben. Entón eu chegaba a pensar que quizais non fose de todo consciente dos seus actos e aínda abrochaba en min un sentimento de conmiseración que o salvaba das penas do inferno e da miña propia condena. Pero non podía enganar á madriña, nin a miña nai, nin a ninguén. Acosábanme a preguntas e eu non podía reprimir as bágoas, pero negábo todo e sempre había buscar algunha xustificación: que se a miña sogra estaba enferma e estivera con ela no hospital, que se tivera unha gripe ou mal do estómago, que se durmía moi mal... Pero as súas caras tampouco podían disimular a preocupación, e mesmo -sobre todo cando estaba Xurxo-, había unha tensión difícil de soportar por iso as nosas visitas distanciábanse cada vez máis e a miña familia xa non ía nunca a Carballo. De tódolos xeitos un día a madriña díxome que cando non estivera ben que collera o neno e que volvera para a casa dos meus pais ou para onda ela que

estaba soa e lle facía moita falla. Vin nos seus ollos azuis que o sabía todo - supuxen que llo contara Xurxo-, e eu non puiden máis e derrubeime e farteime de derramar bágoas no seu colo mentres ela desenredaba o meu pelo crecho cos seus dedos coma cando era nena. A madriña escoitoume con paciencia e consoloume, porque non hai nada no mundo que me dea tanta paz e tanta esperanza como cando a madriña me di, chea de convicción, que *“todo ten remedio menos a morte”*.

A conversa coa madriña acontecera polo entroido do 2005. Luís ía cumprir dez anos e eu trinta e nove. Iso lémbroo porque foi cando Viri me fixo un agasallo moi especial, polo meu aniversario precisamente, que ía cambiar a miña vida outra vez por completo. Viri foi visitarme como tiña por costume e levoume un agasallo. Non era unha visita corrente, das de sempre. Non viña contenta e risoña como adoitaba. Era un venres de febreiro, chovía e facía frío. Nin sequera sacou o abrigo e doume un paquete que eu abrín de contado. Era unha película, nin sequera era orixinal, tiña como portada un recorte sacado dalgunha revista: *“Te doy mis ojos”*, de Iciar Bollaín. Quedei un pouco confusa, pero Viri non me dou tempo a reaccionar. Levantouse e díxome que por favor quería que a mirara, que ela ía levar a Luís a mercar o xogo que lle prometera polo seu aniversario. Eu non vira a película, só a publicidade que botaran pola tele no seu momento, sabía máis ou menos de que ía, pero nin sospeitaba que esa sería outra das experiencias da miña vida que me habían marcar profundamente para sempre.

Foi durísimo. Foi impactante. Foi dificilmente soportable. Caeume o pano dos ollos de súpeto e dei de fociños cunha realidade implacablemente cruel. Eu era Pilar! Era Pilar, que saíra da casa en zapatillas, que se debatía entre sentimentos contrapostos, entre o amor e o temor que sentía por Antonio. Era Pilar. Pilar, que non tiña un só golpe, un só sinal, que lle estaba a explicar a un policía necio e inmisericorde que non entendía nada, que estaba *“rota por dentro”* porque Antonio rompérao todo, todo, e agora xa nada importaba. Por fin podía ver e mirar dentro de min, desdobrarme nunha viaxe astral e observar dende un curruncho do salón o acontecer da miña vida con Carlos nun *déjà vu* arrepiante e cruel que me adiantaba os acontecementos sen compaixón para facer máis difícil, se cabe, a contemplación do propio declive, do propio ocaso. Pero a conduta de Antonio era ata certo punto, se non xustificable, polo menos comprensible. Antonio non soportaba a súa mediocridade. Cría que non merecía

a Pilar, temía que ela o deixara, que atopara a alguén mellor e o abandonara. Necesitaba facela dependente, despoxala de toda independencia, de toda iniciativa, de toda liberdade. Carlos... Carlos non tiña desculpa, el era guapo, era intelixente, tiña unha boa posición... Quizais pensaba que era eu quen non o merecía, que non era o suficientemente boa para el. A miña débil cordura xa non podía, xa non quería seguir buscando razóns para xustificar o inxustificable, para comprender o incompreensible. Chega un momento que para avanzar un non pode só resignarse. A resignación mantennos sometidos a través dunha espiral de ira, dun labiríntico sentimento que nos impide medrar. Hai que aceptar a evidencia de que existen cousas que simplemente non poden ser, hai que asumir a frustración e rexurdir das cinzas, hai que mirar os anacos espaxados polo chan, tocalos, bicalos, choralos, enterralos e despedilos para sempre, para sempre.

Viri calculou ben o tempo, ata me deixou marxe para que vomitara todas as miñas miserias, toda a miña dor, para que recollera os anacos ciscados polo chan, que os tocara, os bicara, os chorara, os enterrara e os despedira para sempre, porque Antonio rompérao todo, todo, e eu estaba, certamente, “*rota por dentro*”. Chegou e abrazoume, abrazoume con forza, non dixo nada e sorriume mentres tiraba da porta tras de si.

Ás veces as palabras coutan os sentimentos de xeito que parece que só poidamos sentir o que podemos nomear, pero hai cousas que non foron aínda nomeadas e escapan polos ollos, polos dedos das mans, polos beizos, polos andares, polos suspiros... Ningún verbo, ningún substantivo, ningún adxectivo pode recoller nunha simple palabra –nin en mil- o que significou o abrazo de Viri para min naquel intre. O meu corpo recolleuno, simplemente, e un algo descoñecido abrochou de cada átomo do meu ser, un algo que parecía gratitude pero era máis, que parecía fortaleza pero era máis, que parecía comunión pero era máis... Un algo que non fora aínda nomeado.

Era febreiro. Chovía e facía frío pero sentín que a primavera quería entrar a gurgullas polas fiestras e eu abrinlle o meu corazón escachado para que o invadise con aquel recendo de esperanza, para que enxugara as feridas que acababa de tender nos arames do esquecemento. Corrí na procura de Luís cunha necesidade inusitada de abrazalo e transmitirle aquel *algo* descoñecido que viña de nacer en min. E Luís sorriume. E non precisei máis.

Ao día seguinte, sábado, erguinme cedo, aseime, almorcei e dirixinme ao cuarto onde aínda Carlos durmía. Acendín a luz e díxenlle: “*Vou saír e non creo que volva ata a tarde. Atende a Luís*”. Antes de que chegara á porta de fóra xa el estaba onda min agarrándome polo pulso: “*Que onde coño vas?*”. Pero esta vez non erguín os cábados en actitude de defensa, respirei fondo e levantei a vista ata enfrontarme cos seus ollos cheos de rabia e sostiven a mirada con todo o desprezo de que fun capaz: “*Nin me toques*”. Foi o único que atinei a dicir -el xa o romperá todo e agora xa nada importaba. No seu rostro mesturouse a sorpresa, a incerteza e o temor, e eu aproveitei a súa confusión para retirar o meu brazo e botarme escaleiras a baixo. Non me gritou nin me seguiu pero cando cheguei ao garaxe as pernas non termaban de min e o meu resentido estómago non puido aguantar a tensión unha vez máis.

Funme ata A Coruña. O primeiro que fixen foi ir a unha perruquería e logo fun contemplar o mar. Contemplar o mar en inverno é algo que me relaxa moitísimo, o movemento repetitivo das ondas é coma un sedante, un péndulo foucaultiano que me induce a un estado de hipnose onde o diálogo coa razón e a senrazón é posible e simultáneo, e podo posicionar-me dun e doutro lado dos postulados de Foucault tentando atopar a miña posición dentro dun xogo de poder – un poder de dominación- no que o meu papel foi pactado de antemán co meu inconsciente consentimento, no que non se me permite participar no cambio de regras, no que esgotei os meus recursos e perdín a partida incluso antes de comezar. Reflexionei sobre este e outros aspectos da miña vida. Desandei o camiño ata o momento en que empecei a perder o norte para ver ónde me equivocara, qué puido ser, qué erros puideron cometer, pero non atopei ese punto de inflexión no que as cousas se comezaron a torcer e rendinme ante a posibilidade de que xa todo estivese escrito, de que o meu papel estivese pactado antes xa de comezar o xogo.

En toda a mañá non collín as chamadas de Carlos e pola tarde apaguei o teléfono. Necesitaba ese tempo e ese espazo para decidir qué facer, para atopar unha estratexia, para poñer algo de claridade na viña vida e tomar unha decisión firme, marcar un obxectivo que me indicara cara onde camiñar. Cando collín o coche para volver á casa sentíame diferente. Marcárame unha meta e tomara unha decisión: deixar a Carlos. Pero aínda non podía ser agora. Luís tiña que rematar o curso. Mentres

prepararía esas oposicións nas que tanto me insistía Viri, mentres iríame preparando para afrontar unha situación que sabía que ía empeorar, pero pediría axuda a Viri, a miña familia, deixaría de ocultalo todo. O importante era, sobre todo, que eu fose capaz de analizar a situación con un pouco de sensatez, que quixese saír daquel escuro túnel que non levaba a ningures. Eran preto das once cando cheguei á casa. Luís xa estaba deitado e Carlos fumaba no salón. Fun para o cuarto sen dicir nada. Aquel escenario facía que os meus propósitos cambaleasen e sentíame nunha precaria situación de inferioridade, de abandono, de indefensión. Carlos presentouse deseguida cunha mal disimulada tranquilidade: *“Non me colliches o teléfono. Onde estiveches todo o día?”*. Non calibrei as posibles consecuencias da miña resposta: *“Por aí, ti non me dás explicacións”*.

A lapada foi inmediata. Foi a primeira e a última, a única. Foi coma unha liberación. Levaba tanto tempo agardando por ela... Houbo outros golpes máis fortes e máis dolorosos e agora xa todo daba igual porque, ao fin, Antonio -Carlos- xa o rompera todo, todo, e eu, Pilar -Maite- xa estaba *“rota por dentro”*. Ardíame a cara, pero ardíame máis o peito; ardíame tanto que estourei coma un volcán longo tempo durmido. Insulteino, ameaceino, díxenlle – griteille- non sei qué cousas... Estaba fóra de min, perdera por completo os papeis, pero algo dentro de min dicíame que non, que non era así, que por fin empezaba a ter algo de control sobre a miña vida, que aquel estoupido de dor e de carraxe e de resentimento era necesario, que había que limpar a fondo as feridas, extraer todo o pus, para que puidesen curar de vez.

A partir de aí para min todo comezou a ser unha conta atrás. Só pensaba no día en que Luís rematara as clases; pero mentres non quedei agardando sen máis. Recuperei a forza e os ánimos que tivera antano e as horas comezaron a non chegarme a nada. Contéillelo todo á miña familia, díxenlles que ía deixar a Carlos e o certo é que todos me apoiaron aínda que tamén me reprocharon, dalgunha maneira, que estragara así tantos anos da miña vida para agora non ter nada. Meu pai non puido reprimir a tentación de recriminarme co de: *“Cántas veces che dixen, María, que había que aspirar algo”*. E entón, por fin, entendín aquelas palabras que o meu pai adoitaba repetirnos unha e outra vez. Por fin entendín a necesidade da independencia persoal, emocional, pero tamén, e moi especialmente a económica, porque se eu non tivese,

daquela, quen me botase unha man, quizais seguiría aguantando aquela aldraxe. Dalgunha maneira esa independencia económica ben ser a medida de ata onde unha relación acabada, infrutuosa, pode chegar a ser sostible. Cando non hai posibilidades un resígnase e mesmo resulta difícil ver ou recoñecer a situación de precariedade persoal na que se atopa. Pero eu tiven sorte, tiven moita sorte porque atopei apoios incondicionais, ollos que vían máis alá do que eu podía ver, mentes máis serenas que me axudaban a analizar a realidade, mans e pés que chegaban a onde eu non podía chegar, e apoio económico, que adoita ser o máis urxente, e o urxente sempre é prioritario ante o necesario ou o simplemente importante. Púxenme en contacto cunha asociación de mulleres, Area, coa que a miña irmá colaboraba, e alí asesoráronme xuridicamente e quitáronme moitos dos medos aos que me enfrontaba para dar ese paso.

O feito de que Carlos pasara a maior parte do tempo fóra da casa permitíame estudar ou ir a un e outro sitio, desenvolver o meu plan, mentres Luís estaba no colexio. Ata entón, en que as horas non me chegaban a nada, non me decatara de todo o tempo que perdera en todos aqueles anos nin me podía imaxinar de que xeito fora capaz de facer desaparecer os días sen sacar ningún proveito deles.

Na casa a situación volvérase máis soportable, especialmente porque eu deixara de ter medo e sabía que aquilo, por fin, era algo transitorio. Carlos buscou todas as argucias de que foi capaz. Dende aquel día da lapada, no que eu estoupei e ameacei con denunciálo e separarme, a súa actitude cambiou. Ao principio tentou de novo amedrentarme dicíndome que ninguén me ía crer, que me ía quitar o neno, que non tiña onde ir, que non tiña nada; pero non conseguiu asustarme e cando viu que por esa vía non conseguía nada tentou manipular outra vez os meus sentimentos e chantaxearme emocionalmente. Suplicoume, prometeume que ía cambiar, que lle dera outra oportunidade, que me quería, que podíamos tentar arranxar as cousas, salvar o noso matrimonio. Pero para min xa non era tempo, eu xa non podía sentir por el máis ca rancor e ás veces pena, xa non quedaba nada fermoso dentro de min para el. Xa non quedaban días de namorar. Díxenlle que el non me precisaba, que podía prescindir de min sen ningún problema e que non lle sería difícil atopar outra muller coa que tentalo de novo, que eu só quería vivir en paz co meu fillo, e por el era por quen había que

falar. Non quería que Luís se vise involucrado no medio dunha batalla, que sufrira inecesariamente máis ca do que, sen dubida, ía sufrir.

A separación non é un problema en si, é unha solución, unha solución dolorosa na maioría dos casos para evitar males maiores pero ten, evidentemente, os seus efectos colaterais que poden ser máis ou menos molestos. Conteille a Carlos que puxera as cousas en mans dunha avogada e que el debería facer o mesmo para chegarmos a un acordo. Eu non quería nada seu, nin a casa, nin o que había nela, nin cartos, nin outros bens, só o coche porque a min facíame falla e el non o necesitaba, e a parte que lle correspondera a Luís para a súa manutención. El advertiu que a miña decisión estaba tomada e que era firme, pero insistía en que me quedase alí con Luís, na casa, que el buscaría outro sitio porque quería estar preto do neno, velo a diario coma ata entón. Carlos era un bo pai, un mal marido pero un bo pai, e desvivíase por Luís. Procuraba interesarse polas cousas do cole, polos deportes que practicaban xuntos – o fútbol, a bicicleta- e os xogos da *play* que compartían e nos que competían. Luís é sen dúbida o mellor que fixemos xuntos, o único do que nin el nin eu nunca nos arrepentimos. Por el sei que Carlos sería capaz de cambiar pero eu non quería utilizar o neno coma moeda de cambio, el non tiña que ser o responsable das nosas diferencias nin das nosas converxencias, non podíamos tentar construír unha nova relación feita de garabullos enriba dos ombros no noso fillo e agardar que el aguantara as sacudidas que o futuro nos deparase porque nunha relación onde non hai respecto nin confianza non pode haber amor, amor de verdade, sólido, non ese namoramento hormonal, exiguo, volátil, que se esvaece nun abrir e pechar de ollos pero que ás veces deixa cousas tan maravillosas e especiais coma Luís. E Carlos quería a Luís máis ca nada no mundo, con el si que lle revertía o amor polos ollos, nos xestos, nas palabras, nas risas, nos xogos... e eu agradecía que polo menos tivésemos ese punto de converxencia para o único sentimento que compartíamos: o amor polo noso fillo. Só no que a Luís se refería eramos capaces de atopar un punto de encontro, un lugar común onde debater e afastar os nosos egoísmos e os nosos reproches. Decidimos que o mellor para Luís era que estivese comigo pero que Carlos, á marxe do que se puidese ditaminar legalmente, podería ir a velo ou levalo sempre que quixese, pero, iso si, co meu consentimento.

Miña sogra, e sobre todo, meu sogro estaban moi afectados. Para un só fillo e un só neto que tiñan, que non vían por outros ollos... Miña sogra tentou meter baza todo o que puido, mesmo que acusou de ter eu a culpa, porque vivía coma unha reina, sen ter que ocuparme máis ca do meu fillo, sen me faltar de nada, ata podía ter *criada* se quería, que máis se lle podía pedir ao seu fillo que todo o facía por nós, para que o tivésemos todo, e non entendía cando eu lle explicaba que eu non o precisaba todo. Eu non era de grandes luxos e ela sabíao, eu só quería unha vida tranquila, un home que me quixera e que se deixase querer por min, sentirme necesaria, sentirme importante. Estaba farta de ser un moble máis e os meus soños aínda estaban practicamente intactos. Eu precisaba crer que algo era aínda posible. O peor xa o tiña superado, o peor foi tomar a decisión e aguantar a presión do momento. O peor foi ver, simplemente ver e comprender que realmente “*un camiño de mil millas comeza polo primeiro paso*”

Xuño chegou e pasou coma unha exhalación. As clases de Luís remataron e eu estaba moi atarefada coas oposicións, que naturalmente suspendín, pero, tras asumir a decepción, servíronme para unha toma de contacto de novo cos estudos e para coñecer un pouco os trámites e o funcionamento do concurso. Foi unha experiencia positiva.

O día 10 de xullo estaba previsto que marchariamos para a casa da madriña. Uns días antes decidimos falar con Luís e contarlle a situación. Se algo teño que agradecerlle a Carlos foi ese momento tan duro para o noso fillo e que soubo manexar á perfección expoñendo cunha linguaxe accesible para el o feito de que mamá e papá se fosen separar porque xa non estaban ben xuntos, pero que iso non tiña nada que ver con que ámbolos dous o quixéramos moitísimo ao igual que a avoa e o avó, que nos íamos ver moi a miúdo e que así podía disfrutar dos dous sitios á vez. Pero pese aos esforzos de Carlos, Luís non quería marchar, non quería deixar o seu pequeno mundo, os seus amigos e amigas, o seu cole, os avós que o mimaban tanto... Foi difícil, foi difícil para todos. Quizais máis aínda para Carlos, que non acababa de crelo, e mesmo ao suspender as oposicións pensou que recapacitaría e volveume a suplicar pero eu simplemente lle dixen que xa non o quería, que el me romperá toda por dentro, como Antonio a Pilar, e agora xa non había volta atrás. Sabía de qué falaba, sabía que tamén el vira a película que eu deixara intencionadamente dentro do vídeo. Nunca o vira tan abatido, pero os meus sentimentos non daban para máis, estaba xa tan “*cosida polas cousas da vida...*”

Con todo o cambio foi mellor do que eu agardaba. A miña familia e Viri – que xa viña a ser da familia- volcáronse en nós por completo e non permitían que nos decaese o ánimo, sobre todo a min, porque Luís ía e viña constantemente a Carballo e víase contento e tranquilo, incluso parecía ilusionado por ir ao novo colexio: cursaría 5º, sería case dos maiores e iría en autobús. Eu pola contra tiña moitos momentos de decaemento, creo que non foi realmente ata entón cando tomei plena consciencia da situación, do que fora e do que estaba a ser a miña vida con case corenta anos, un fillo de dez e sen nada. Non era capaz de mirar o futuro con optimismo, nin sequera era capaz de ver futuro algún. Malia que todos me animaban e andaban na procura dun traballo para min, aínda foron moitas as bágoas que botei no regazo da madriña mentres ela desenredaba cos seus dedos o meu pelo crecho.

Cando chegou setembro atopei un traballo nunha academia en Santiago, das cinco ás oito e media da tarde, non me pagaban moito e por riba case que non podía estar nada con Luís, pero asegurábanme por media xornada e non había outra cousa, pero a sensación de gañar un soldo despois de tanto tempo foi moi emocionante para min, era moi diferente do que me asignaba Carlos polo neno, este era un diñeiro que no fondo me doía a pesar de que Viri me dicía que non era un agasallo nin unha esmorga, que era un dereito meu e do meu fillo. Polas mañás ía a outra academia dous días a semana a preparar as miñas oposicións, pagábanma meus pais que tiñan máis ganas e máis interese aínda ca min en que as aprobara. Dediqueille moito tempo e moita vontade e contei coa inestimable axuda de Pepa, a orientadora do instituto onde traballaba Viri, que me pasaba moito material e moito do traballo que eles tiñan elaborado o que era todo un privilexio e que, finalmente, foi o que conseguiu meterme dentro do ensino. Con todo, ese ano tampouco as quitei e continúei coa academia, pero chamáronme xa case a finais do curso seguinte para unha substitución en Santa Comba. Foi unha alegría tremenda porque todo o mundo me dicía que unha vez que te chamaban era moi probable que te volveran a chamar para o curso seguinte, pero foron dous meses frenéticos porque non quería deixar colgados aos da academia e ían volver a ser as oposicións. Con todo aquel frenesí, aquel primeiro traballo de verdade, aquel primeiro soldo de verdade, fixéronme estar máis viva e máis áxil do que xa nin lembraba e non había tempo para desánimos nin para lamentacións. Tampouco ese ano saquei praza na oposición, pero quedei bastante ben situada nas listas, prevíase que me

chamarían pronto e preferín deixar a academia a finais do verán. Neses dous anos non tiveron vacacións porque a academia non pechaba polo verán e tamén daba tódalas pasantías que podía para obter algún diñeiro extra. Foi duro para min, que estivera tantos anos facendo un traballo do máis relaxado, case sen horarios -limpando sobre o limpo-, adaptarme a esa nova situación: o traballo da academia, as pasantías, o do instituto, as oposicións, e ocuparme de Luís e dalgunhas cousas da casa que a madriña, aínda que estaba moi activa e facía o xantar e limpaba e ocupábase da horta, non estaba afeita a pasar o ferro ou a facer certas cousas que demandaba a nova situación. Era esgotador, pero eu sentíame ben, estaba con xente, tiña outras inquiredanzas... Comezaba outra vez a ser eu. Mesmo a relación con Carlos se volveu máis cordial. Cada vez que viña ou ía buscar a Luís interesábase polo meu traballo, dicíame que se me vía moi ben e que se alegraba de verme así. El tamén se vía ben, contento e relaxado, e non sei por qué eu intuía que saía con alguén, e iso, tampouco sei por qué, tranquilizábame. A súa relación con Luís seguía a ser magnífica, interesábase polos seus estudos, -incluso ía ás reunións do colexio cando podía- víñao buscar case cada fin de semana, aínda que só fose un día ou unha horas, e cada vez que podía, aínda pola semana, pasaba a velo ou levábo a mercar algo ou ao cine, e chamábo a miúdo ao móbil, e Luís víase contento. E eu estaba contenta xa só polo feito de que Luís o estivese e porque sentía que pouco a pouco empezaba a controlar a miña vida.

A finais do verán pasado (2008), Carlos confesoume que saía con outra muller e que quería o divorcio. Eu xa o sabía facía tempo, Luís falábame dela ás veces, pero o feito de que mo confirmara afectoume dun xeito que non agardaba. Volvín sentirme menosprezada e a miña autoestima baixou outra vez moitos puntos. Que puido ser que eu non lle dese? Tódolos meus complexos adolescentes afloraron cunha forza inusitada e sentínme murcha e deprimida durante unha longa tempada. Dalgunha maneira sentíame ofendida na miña vaidade: cambiábame porque non era o suficientemente boa para el. É increíble como despois de todo o que pasara aínda podían ter cabida en min ese tipo de sentimentos, pero así era ao meu pesar, en contra da razón, en contra aínda do instinto máis elemental. Pero tamén foi o momento de reflexionar, de facer balance e avaliar as perdas e as ganancias, de saldar contas co pasado e pasar páxina, o momento da rendición.

Afortunadamente o meu desánimo durou o que tardaron en chamarme para unha nova substitución, en novembro do ano pasado. Tiven que recuperar outra vez a vivacidade e as forzas. Traballei practicamente todo o curso aínda que en diversos lugares. Sempre puideron viaxar malia que ás veces a distancia era abonda, pero prefería ver cada día a Luís e axudarlle agora que xa está no instituto. Menos mal que temos á madriña! Sigo preparando as oposicións, sei que algún día as aprobarei pero agora estou máis tranquila porque non tardan case nada en chamarme para as substitucións e sobre todo sei que en caso de necesidade podo contar coa miña familia e os meus amigos – Viri, a única amiga-, como xa me demostraron sobradamente e iso dáme moita seguridade. Eles foron os verdadeiros artífices de que neste momento estea aquí, pasando as follas da miña vida como quen está a ollar un vello álbum de fotos: sorrindo, chorando... Lembrando.

“Non te esfuerces tanto, as mellores cousas suceden cando menos as esperas”: a razón para vivir número trece de García Márquez.

A semana pasada, o domingo, 17 de maio, volví ver a João. Foi así, sen agardalo. Facía moito tempo que nin sequera pensara nel. Foi a comuñón da miña sobriña Ana, a filla de Xurxo, e coincidimos no mesmo restaurante, el tamén estaba nunha celebración. Cando o vin aceleróuseme o corazón. Estaba cambiado, parecía máis... *máis home*. A imaxe que aínda permanecía del na miña retina era a dun rapaz alto e delgado, con cara de neno, desgairado e de mirada bohemia. Agora tiña o pelo case branco e levábao curto, pero seguía a ter os ollos máis verdes e máis doces que eu vira xamais. Achegouse a min e doume dous bicos, dous bicos apresurados e distantes que me decepcionaron un pouco. Non me preguntou por Carlos. Despois do xantar foi saudar á madriña e de paso ao resto da familia que se alegraron moito de velo. A madriña emocionouse, saltáronlle as bágoas e João foi moi tenro con ela. Logo falamos un anaco, un bo anaco. Conteille todo o que me acontecera, a miña nova situación, os meus plans para o futuro... E el faloume dos seus pais, do seu irmán, dos seus proxectos profesionais, do seu traballo, pero non me contou nada da súa vida persoal. Non ía acompañado de ningunha muller, así que directamente pregunteille se seguía a ter parella. Non me contestou. Sorriu e miroume fixamente, con eses doces ollos verdes que volveron a producir en min aquela enigmática sensación de ingravidez que me proxectaba á estratofera dos

sentidos. “*Apetece-te que fiquemos no próximo sábado para falar?*”. Despediuse de min con dous bicos e sentín que os seus beizos se demoraban na miña meixela un instante máis do cortesmente correcto e a súa man apertou a miña dun xeito e cunha sutil simboloxía coñecida e inequívoca para min, arrodeando o meu pulso, mentres me miraba aos ollos un segundo, o suficiente para que eu tremese dende a cabeza ata os pés.